

"CAPTURAR, ESTERILIZAR E SOLTAR"

Entrevista a por Isabel Kerdudo

Nos concellos existen cada vez máis campañas de control das colonias de gatos de rúa coa colaboración de asociacións protectoras como Gatocan, Agata, JatiCan, Proxecto Gato ou Aldea Felina. Nalgúns casos, mesmo colaboraron veterinarias procedentes de Holanda. No Estado español, cidades como Valencia son desde hai 20 anos pioneiras na materia, con equipos de 200 voluntarios que se tornan para as alimentaren e vixiaren. A presenza de colonias de gatos pode xerar conflitos, chegando mesmo a seren denunciadas as persoas que coidan deles. Sirva de precedente a sentenza que absolveu a unha persoa acusada de alimentar gatos da rúa na Coruña, facendo valer a Lei de Protección Animal por riba dunha ordenanza municipal. No Concello de Compostela estase a lanzar a campaña "Capturar, esterilizar e soltar" coa colaboración de Abeiro e de ADEGA. Carme Seoane Paredes, veterinaria da Clínica CANCAT, é unha das colaboradoras do proxecto.



á destrución do seu hábitat por obras, á desnutrición, a ataques doutros animais e gatos, a intoxicacións provocadas, a parasitoses internas e externas e, sobre todo, ás enfermidades víricas como as respiratorias *Herpes Virus* e *Calicivirose* e as terribes *Leucemia Felina* e a *Síndrome de Inmunodeficiencia Felina*.

- En que consiste "capturar, esterilizar e soltar"?

É o único método que demostrou a súa eficacia para controlar o crecemento da poboación de gatos. Implica atrapar todos ou a maioría dos gatos dunha colonia, esterilízalos e devólvelos ao seu territorio. Debemos contar coa implicación dos veciños e veciñas que alimentan as colonias para capturalos coa axuda dunha trampa homologada. Os gatos devoltos son marcados cun corte horizontal na orella para os identificar. As crías e os exemplares sociábeis pódense ofrecer en adopción.

Na clínica diaria, ofrecemos a posibilidade da castración por ser beneficiosa para a saúde dos animais ao protexelos fronte a tumores mamarios, infeccións uterinas, tumores ováricos, pelexas cos seus conxéneres por motivos sexuais, contaxio de enfermidades víricas de transmisión sexual... As femias que operamos antes dos tres celos viven máis anos e son máis sas.

- É esta unha alternativa real fronte ás eutanasias?

Si, e ao nivel comunitario presenta máis vantaxes. Ao esterilizar os gatos da rúa diminúe o seu número e as crías que acaban nos refuxios de animais. Isto pode ter un impacto positivo substancial nos índices de eutanasia. En San Francisco (EUA), despois de seis anos, o índice de eutanasia caeu en máis do 70% en gatos de rúa e nos domésticos. Podemos concluír: "Sen gatiños, sen ruados, sen olores".

Para máis información:

www.alleycat.org

www.neighborhoodcats.org

www.facebook.com/note.php?note_id=46312204932&tid=541105362&ref=share

www.facebook.com/note.php?note_id=54291487579&tid=1&index=2

www.elcorreogallego.es/index.php?idMenu=30&idNoticia=133562

www.hsus.org/ace/14631


- En que se caracterizan as colonias de gatos da rúa?

O gato é un predador solitario e, aínda que leva milleiros de anos a convivir cos humanos, non foi domesticado até hai un século. É solitario porque vive só e caza presas que non comparte con ninguén. Ten un grao de sociabilidade moi baixo. O gato doméstico fica preto das poboacións, dos lugares de alimentación de restos das cidades e desenvolve unha forma de vida social con outros gatos e humanos. Os gatos das colonias alimentadas pola veciñanza teñen un comportamento mixto entre salvaxe e doméstico, son dependentes e, ás veces, crean enfrontamentos graves entre os veciños. Porén, as colonias de gatos proporcionan un control natural dos roedores, vantaxe particularmente valiosa en áreas urbanas.

- Cal adoita ser a causa do problema coa veciñanza?

O meirande problema de convivencia coa veciñanza nace da prolifricidade desta especie. As gatas acadan a súa madurez sexual aos seis meses de idade, e nunha camada poden ter catro ou cinco crías que se tornarán fértiles aos seis meses. Ao carecer de predadores, as baixas que se producen débense a accidentes de tráfico,

CALENDARIOS DO REFUXIO DE BANDO



Con Comba Campoy, Ugia Pedreira, Quico Cadaval, Xoan Curiel, Cristina Castaño, Carlos Blanco, Uxia Senlle, Miguel de Lira, Víctor Ruxe, Pepe Penavade, Luís Tosar e Paula Carballeira. Pódese conseguir en Compostela, no Local Nacional de ADEGA, na Xoguetería Vagalume, Lejano Sur (Algalia), Tenda Betty Blue, Quiosco do Toural, Casa das Crechas, Pub Atlántico, Malas Pécoras, Tabernas O 13 e Prada pequeno, Clínicas Veterinarias CANCAT, SANROQUE e no Refuxio de Bando. Prezo: 5 € O importe íntegro destinarase á Asociación Abeiro para o control de colonias felinas.